



CAMPO DE VOLUNTARIADO "RURAL INFLUENCERS"

(CERDEDO - COTOBADE, PONTEVEDRA)

DATAS	IDADE	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
06/17/08/2025	18-30	Internacional	Medioambiental e cultural	15

LOCALIZACIÓN

Cerdedo-Cotobade é un concello da provincia de Pontevedra creado o 22 de setembro de 2016 a partir da fusión dos concellos de Cerdedo e de Cotobade.

Ten uns 6.000 habitantes e unha superficie de 214,5 km². Limita cos concellos de Pontevedra, Campo Lameiro, A Estrada, Forcarei, A Lama e Ponte Caldelas.

O seu maior reclamo turístico radica na súa riqueza cultural e etnográfica relacionada cos traballos tradicionais en pedra e coa auga, dos cales se conservan diferentes monumentos, muíños...

DESCRIPCIÓN DO CAMPO

Este campo de voluntariado propón o reto de poñer en valor a riqueza patrimonial inmaterial do acervo cultural e popular dos nosos maiores, as verdadeiras persoas influíntes do rural galego; reforzando as relacións e dinámicas que xorden coa mocidade participante nos 12 días de duración.

As actividades principais son as seguintes:

- Creación dunha pintura mural de creación comunitaria e participativa.
- Obradoiros:
 - de formación etnográfica (cultural e popular)
 - de formación publicitaria (fotografía, comunicación, fotografía e marketing dixital)
 - de teatro (dramatización e improvisación)
- Foros de comunicación cos veciños
- Accións de conservación ambiental y promoción del patrimonio cultural

NOTA: este campo non dispón de accesos para persoas con discapacidades físicas.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Clases maxistras con profesionais de deseño e ilustración, comunicación audiovisual e educación patrimonial
- Obradoiros de mitoloxía galega e astronómico
- Xincanas predeportivas, multiaventura e de xogos
- Rutas:
 - Ruta dos petróglifos
 - Cotobade medieval
 - Cerdedo contemporáneo
 - Ambientais na Carballeira de San Xusto e Río Lérez
- Veladas de animación teatral





NOTA: estas actividades complementarias son orientativas e están suxeitas a modificacións derivadas do propio desenvolvemento do campo.

COMO CHEGAR

Dende Santiago pódese viaxar por estrada en bus (monbus.es) ou en tren ata Pontevedra.

Dende Vigo o servizo de autobús préstao a compañía monbus.es ata Pontevedra. Tamén se pode facer o traxecto en tren.

Lugo-Pontevedra e Ourense-Pontevedra, por estrada, tamén o fai a compañía monbus.es

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

CEIP de Carballedo, Carballedo, s/n, 36856 Cotobade

INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

O primeiro día a partir das 16.00 h e ata ás 19.00 h no lugar do aloxamento ou na estación de autobuses de Pontevedra.

O campo remata o último día despois do almorzo.

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros.

As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa, familia aco-lladora ou familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

Que inclúe?: Inclúe os gastos de manutención, aloxamento e os derivados das actividades propias e de lecer ademais dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Non inclúe: Os gastos ocasionados polo traslado (ida e volta) ata o lugar da actividade que correrán a cargo da persoa voluntaria.

DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

- Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.
- Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada.
- Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.
- Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.



QUE TRAER

- Útiles de aseo e toalla de ducha
- Saco de durmir e mochila para rutas
- Calzado cómodo para montaña e calzado deportivo
- Roupa: de deporte (suadoiros), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas), de abrigo (roupa idónea para poder realizar o traballo en caso de choiva ou frío), de auga (chuvasqueiro), de traballo (luvas, gorro, calzado cómodo, botas de montaña...)



DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude: camposdevoluntariado.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude de Vigo: campospontevedra.xuventude@xunta.gal

INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude

